

CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

A pobreza en Galicia

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

A pobreza en Galicia

Outubro de 2024

Elaboración: Secretaría de Empleo, Política Social
e Políticas de Públicas de Protección



**XUNTA
DE GALICIA**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
A POBREZA EN GALICIA.....	5
Limiar de pobreza	5
Pobreza.....	6
Renda e desigualdade	7
ARPE	8
PENSIÓNS E POBREZA.....	11
AS POLÍTICAS DE PROTECCIÓN.....	12
A RISGA	12
O ingreso mínimo vital	13
CONCLUSIÓNS.....	14
PROPOSTAS.....	16

INTRODUCCIÓN

Coincidindo coa conmemoración do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, facemos unha análise da situación da pobreza en Galicia. Cada ano, os datos indican que a pobreza se converteu nunha realidade estrutural na nosa comunidade autónoma e que a falta de políticas sociais para darlle resposta tradúcese nunha sociedade cada vez máis fracturada.

Os datos ofrecen unha foto da situación grave de pobreza e de carencias económicas e sociais que gravan a vida das persoas e evidencian a necesidade de medidas urxentes que consigan revertir os seus efectos na poboación que a sofre.

Utilizamos os datos da última Enquisa de condicións de vida do INE, que ofrece o resultado das enquisas realizadas no 2023; nelas preguntouse polos ingresos no 2022, que aínda reflectían efectos da pandemia. Ademais, recóllense outras moitas preguntas sobre condicións de vida referidas ao momento da entrevista (ano 2023).

Debemos sinalar que a Enquisa de condicións de vida se efectúa sobre unha significativa mostra de poboación que reside en vivendas; por tanto, quedan fóra do estudo as persoas sen fogar que, sen dúbida, se fosen tidas en conta, aumentarían a porcentaxe de persoas en risco de pobreza e/ou pobreza grave.

A POBREZA EN GALICIA

O primeiro indicador que analizamos é o limiar da pobreza; é dicir, cando se carece dos ingresos necesarios para satisfacer todas ou parte das necesidades básicas, conxunto os criterios dun determinado tempo e sociedade.

Defínese, entón, como «poboación en risco de pobreza» as persoas que teñen ingresos inferiores ao 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo (EUROSTAT) e como «poboación en pobreza extrema» a que ten ingresos por debaixo do 40% da renda mediana.

Limiar de pobreza

O **limiar de pobreza** no 2023 (calculado con datos de ingresos do 2022) sitúase en 10 990 € para fogares unipersoais (un 8,9 % máis do estimado no ano anterior). En fogares compostos por dúas persoas adultas e dúas menores de 14 anos, ese limiar foi de 23 078 €. É dicir, **estarían en risco de pobreza todas as persoas con ingresos anuais inferiores a 10 990 €.**

Táboa 1. EVOLUCIÓN LIMIAR POBREZA

EVOLUCIÓN LIMIAR	FOGARES UNHA PERSOA/FOGAR	FOGARES 2 P. ADULTAS E 2 NENOS/AS
2013	8.114 €	17.040 €
2014	7.961 €	16.719 €
2015	8.011 €	16.823 €
2016	8.209 €	17.238 €
2017	8.522 €	17.896 €
2018	8.871 €	18.629 €
2019	9.009 €	18.919 €
2020	9.626 €	20.215 €
2021	9.535 €	20.024 €
2022	10.088 €	21.185 €
2023	10.990 €	23.078 €

FORNTE: INE. Enquisa de condicións de vida. Datos para España.
Elaboración propia

Segundo os datos da táboa 1, o limiar de pobreza baixou en 2014, o que non quere dicir que houbo menos persoas en risco de pobreza, senón que a masa salarial do conxunto da poboación española foi baixando e, polo tanto, tamén o 60 % desa renda.

A partir de aí medra ata 2021, cando se reduce polo impacto da crise derivada da pandemia. En 2023, como xa se indicou, o limiar de pobreza sobe un 5,8 % ata situarse nos 10 990 euros. **O limiar de pobreza extrema situase en 7326 euros.**

Pobreza

A **taxa de risco de pobreza** indica a porcentaxe de poboación que ten ingresos inferiores ao 60 % da renda mediana (10 990 €). No último ano, a taxa de pobreza en Galicia medra 1,4 puntos ata situarse no 19,4 %, 8 décimas por baixo da taxa estatal (no 2022 era 2,4 puntos menor).

A pobreza afecta ao 19,4 % da poboación galega; é dicir, 2 de cada 10 galegos e galegas son pobres. Dito doutro xeito, medio millón de persoas viven en risco de pobreza en Galicia. Non obstante, a evolución da pobreza en Galicia amosa que mesmo nos momentos de progreso económico se manteñen unhas taxas de risco de pobreza elevadas, polo que poderíamos dicir que a pobreza é unha realidade estrutural na comunidade.

Táboa 2. TAXA DE RISCO DE POBREZA

	GALICIA	ESTADO
2013	17,2 %	20,4 %
2014	15,4 %	22,2 %
2015	19,4 %	22,1 %
2016	19,0 %	22,3 %
2017	18,7 %	21,6 %
2018	18,8 %	21,5 %
2019	20,0 %	20,7 %
2020	22,1 %	21,0 %
2021	20,2 %	21,7 %
2022	18,0 %	20,4 %
2023	19,4 %	20,2 %

FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida.
Elaboración propia

Segundo os datos da Enquisa de condicións de vida, un 8,2 % da poboación galega atópase en situación de pobreza extrema. **Estariamos a falar de que 220 000 galegas están en situación de pobreza extrema e sobreviven con menos de 7326 euros ao ano.** Un 42 % das persoas en situación de pobreza en Galicia están en situación de pobreza extrema.

Renda e desigualdade

A **renda media** por persoa alcanza os 13 147 euros, o que supón un incremento de 795 euros (6,4 %) con respecto ao ano anterior. Pola súa banda, a renda media no conxunto do Estado alcanzou os 14 082 euros, medrou un 6,0 % (1074 euros máis).

Táboa 3. RENDA MEDIA POR PERSOA

	GALICIA	ESTADO
2013	10.106	10.531
2014	10.235	10.391
2015	10.212	10.419
2016	10.439	10.708
2017	10.753	11.074
2018	11.239	11.412
2019	11.218	11.680
2020	11.469	12.292
2021	11.453	12.269
2022	12.352	13.008
2023	13.147	14.082


FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida.
Elaboración propia

Por outra parte, a renda media por persoa en Galicia é inferior á do Estado en todo o período analizado. No 2013, a diferenza entre ambas era de 425 euros; dez anos

máis tarde, a diferenza é case de máis do dobre: 935 euros menos en Galicia. A pesar diso, a taxa de risco de pobreza en Galicia é inferior á estatal en todo o período analizado agás no ano 2020.

No 2022, cos últimos datos dispoñibles por comunidades autónomas, o incremento da renda media non se traduciu nunha redución apreciable da desigualdade, estimada a través do indicador S80/S20, que mide a proporción de ingresos totais percibidos polo 20 % da poboación con maiores ingresos con respecto á percibida polo 20 % con menores ingresos. Canto máis elevado é o valor do indicador, maior é a desigualdade entre os grupos extremos da poboación en que se mide.

Gráfica 1. DESIGUALDADE (S80/S20) DA DISTRIBUCIÓN DA RENDA



FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida. Elaboración propia

Segundo os últimos datos, no 2022, o 20 % máis rico da poboación galega ten unha renda neta 4,5 veces superior á do 20 % máis pobre. A gráfica mostra que a desigualdade está en niveis similares á que había no ano 2013.

No ámbito estatal produciuse unha redución da desigualdade en termos do indicador S80/S20 que pasa do 6,2 no 2021 ao 5,6 no 2022.

ARPE

A **taxa AROPE** (siglas en inglés de *At Risk Of Poverty or social Exclusión*) defínese como aquela poboación que está, polo menos, nalgunha destas tres situacións:

Risco de pobreza

A pobreza consiste en dispor duns ingresos inferiores ao 60 % da renda mediana nacional por unidade de consumo equivalente, o que constitúe o limiar de pobreza.

Carencia material e social extrema

Este indicador constrúese con 13 compoñentes: sete defínense referíndose ao fogar e seis son persoais, diferentes para cada membro do fogar. Unha persoa está en situación de carencia material e social extrema se padece, polo menos, sete das 13 limitacións que forman a lista.

Os sete conceptos definidos para o fogar son:

- Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe polo menos cada dous días.
- Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.
- Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos.
- Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, recibos de gas, comunidade...) ou en compras a prazos nos últimos 12 meses.
- Non pode permitirse dispor dun automóbil.
- Non pode substituír mobles estragados ou vellos.

Pola súa banda, o seis conceptos persoais definidos son:

- Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova.
- Non pode permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións.
- Non pode permitirse reunirse con amigos/familia para xantar ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- Non pode permitirse participar regularmente en actividades de lecer.
- Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesma.
- Non pode permitirse conexión a internet.

No caso dos menores de 16 anos non se dispón dos seis conceptos enumerados anteriormente referidos á persoa. Para estes menores, os valores deses elementos impútanse a partir dos recollidos para os membros do seu fogar con 16 ou máis anos.


Baixa intensidade no emprego

Son os fogares en que os seus membros en idade de traballar (persoas de 18 a 64 anos, excluindo estudantes de 18 a 24 anos, xubiladas ou retiradas, así como inactivas entre 60 e 64 cuxa fonte principal de ingresos do fogar sexan as pensións) fixérono menos do 20 % do total do seu potencial de traballo durante o ano de referencia.

Esta variable non se aplica no caso das persoas de 65 e máis anos.

De acordo coa metodoloxía do indicador AROPE, no ano 2023 máis de 685 000 persoas están en risco de pobreza ou exclusión social. Dito doutro xeito, a taxa AROPE (liña azul da gráfica) sitúase no ano 2023 no 25,5 %.

Gráfica 2. RISCO DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL



FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida. Elaboración propia

Na gráfica vense as oscilacións dos tres parámetros que compoñen o indicador AROPE.

A situación de carencia material extrema incrementábase case dous puntos no último ano, ao pasar do 6,3 % ao 8,2 %.

A liña vermella reflicte a *poboación en risco de pobreza* (con ingresos inferiores ao 60 % da renda mediana nacional por unidade de consumo equivalente), que sobe 1,4 puntos respecto ao ano precedente ata situarse no 19,4 %, como xa sinalamos máis arriba.

Empeoran todos os parámetros, agás o de *fogares con carencia material e social extrema*, que pasa do 9,5 % ao 7,5.

Táboa 4. PORCENTAXE PERSOAS CON CARENCIA MATERIAL

	2013	2015	2017	2019	2021	202
Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	59,2	48,3	38,7	41,0	37,1	38,2
Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días	5,5	1,2	3,3	8,9	2,1	4,5
Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada	12,2	13,7	6,7	6,0	13,1	21,5
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	36,6	27,4	21,6	24,4	24,7	29,1
Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca, alugueiro, gas, comunidade...)	5,2	6,7	4,3	5,0	7,3	7,5
Non pode permitirse dispoñer dun automóbil	5,9	7,8	4,5	5,6	9,0	9,2
Non pode permitirse dispoñer dun ordenador persoal	2,4	2,3	2,0	1,8	1,9	3,0
Non pode substituír os mobles estragados ou vellos	5,2	6,7	2,6	3,6	4,5	4,7

FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida. Elaboración propia

Como xa sinalamos, en situación de privación material extrema atópanse aquelas persoas cuxos fogares non teñen capacidade para afrontar os gastos que se sintetizan nos indicadores recollidos na táboa 4. Diciamos que a situación de carencia material extrema medra no 2023 e tamén o fan todos os indicadores: o número de persoas que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días duplácase, non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada ou non poder permitirse dispoñer dun automóbil.

Hai que sinalar que o indicador «non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada» mide a carencia enerxética das persoas. O número de persoas en situación de pobreza enerxética —que xa se dobrara no 2021 con respecto aos anos anteriores— volve incrementarse no 2023 ao chegar a 21 500 persoas por mor do incremento dos prezos enerxéticos.

PENSIÓNS E POBREZA

As persoas pensionistas en Galicia seguen sendo un dos colectivos con maior risco de pobreza pola baixa contía das súas pensións (baste recordar que a contía media das pensións galegas é a segunda máis baixa do Estado). En decembro de 2023 aboáronse en Galicia 775 817 pensións, das que 316 526 (o 40,8 %) teñen un importe inferior ao limiar de pobreza mensual en 14 pagas (785 euros). Ademais, o importe do 21,8 % do total das pensións percibidas é inferior ao limiar de pobreza extrema mensual en 14 pagas (480 euros).

A porcentaxe de pensións en Galicia cun importe inferior ao nivel de pobreza é 12,1 puntos porcentuais máis elevada ca a media estatal (42,2 %). O mesmo acontece coa porcentaxe de pensións galegas cun importe inferior ao limiar de pobreza extrema, que é 5,9 puntos porcentuais superior á media estatal (15,9 %). O maior envellecemento da poboación galega é unha das principais causas que explican estas diferenzas.

Na táboa 5 recóllense o número de pensións segundo tramos de contía e cantas delas teñen un importe inferior ao limiar de pobreza e ao de pobreza extrema, ambos calculados para 14 pagas.

Táboa 5. PENSÍONS E CONTÍAS

NÚMERO DE PENSÍONS	HOMES	MULLERES	TOTAL
Ata 500 euros	43.543	102.284	145.827
De 500,01 a 750,00	56.729	113.969	170.699
De 750,01 a 1,100,00	95.648	129.346	224.995
De 1.000,01 a 2,000,00	97.901	55.145	153.046
Resto contías	61.864	19.386	81.250
TODOS OS TRAMOS	355.685	420.130	775.817
% debaixo limiar pobreza	28,2%	51,5%	54,3%
% pobreza extrema	12,2%	24,3%	18,8%

FONTE: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións


Se a diferenza coa media estatal é notable, a diferenza por sexos resulta dramática en Galicia: 5 de cada 10 pensións femininas están por debaixo do limiar da pobreza e 2 de cada 10 teñen un importe inferior ao limiar de pobreza extrema. As carreiras laborais descontinuas, o peso das pensións agrarias e as de viuvez explican, pero non xustifican, estas dramáticas diferenzas.

AS POLÍTICAS DE PROTECCIÓN

A RISGA

A renda de inclusión social de Galicia (RISGA) é o instrumento que ten o Goberno galego para atender as persoas con especiais dificultades económicas. Cómpre, pois, analizar como evoluciona para ver o seu impacto na atención á poboación en situación de risco de pobreza ou exclusión.

Gráfica 3. EVOLUCIÓN PERSOAS BENEFICIARIAS RISGA



FONTE: Informes sobre a aplicación e avaliación da Lei de inclusión social de Galicia.
Elaboración propia

A RISGA tense xestionado de forma contida e adecuando as resolucións ao orzamento de cada ano, cuns requisitos restritivos e unha burocracia excesiva que obstaculizaba o acceso ás prestacións ata a aprobación do ingreso mínimo vital (IMV) polo Estado.

Entre 2013 e 2023, o número de persoas beneficiarias da RISGA diminuíu un 40,77 %. Podemos distinguir dúas etapas: ata 2016 cun crecemento sostido e, a partir de entón, cunha tendencia descendente desde o 2020 como consecuencia da posta en marcha do IMV, do que a RISGA pasa a ser subsidiario.

Esta redución resulta un paradoxo se temos en conta os datos de pobreza analizados, xa que nos atopamos ante unha taxa de risco de pobreza case estrutural, que no último ano alcanzou o 19,4 %: 2 de cada 10 galegos e galegas.

Atendendo ao perfil das persoas beneficiarias, podemos afirmar que se repite e se agudiza o patrón da realidade da pobreza. No 2013, o 58,20 % de titulares dunha prestación da RISGA eran mulleres, porcentaxe que se incrementa ata o 62,45 % no 2023, o que reflicte o maior impacto da pobreza e da exclusión social por motivos de xénero.

O ingreso mínimo vital

O ingreso mínimo vital (IMV) é unha prestación económica da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, dirixida a prever o risco de pobreza e exclusión social das persoas que vivan soas ou integradas nunha unidade de convivencia,

cando se atopen nunha situación de vulnerabilidade por careceren de recursos económicos suficientes para a cobertura das súas necesidades básicas.

Táboa 6. EVOLUCIÓN DO NÚMERO TOTAL DE PERSOAS TITULARES E BENEFICIARIAS (XULLO DE 2021 A SETEMBRO DE 2024)

	TITULARES	BENEFICIARIAS
2022 xullo	19.026	46.428
2024 setembro	30.026	80.339

O IMV aprobouse mediante un real decreto lei en maio do 2020 como un dos elementos do escudo social despregado polo Goberno central para mitigar o impacto da pandemia; pero a falta de medios humanos na Seguridade Social, a excesiva burocratización e a escasa coordinación interadministrativa fixeron que, nos seus inicios, o acceso a este dereito resultara un labirinto sen saída para moitas persoas.

As sucesivas modificacións normativas operadas sobre o IMV flexibilizaron os requisitos e permitiron ampliar o seu perímetro de incidencia. Non obstante, non podemos facer unha análise cuantitativa rigorosa da evolución do número de prestacións desde a súa aprobación ata agora pois non existe un rexistro estatístico.

En setembro de 2024 aboábanse en Galicia 30 026 prestacións de IMV, que son 11 000 máis ca no mes de xullo de 2022. Se facemos a comparación co número de persoas beneficiarias, vemos que o volume destas aumenta en 33 911: pasaron de 46 428 en xullo de 2022 a 80 339 en agosto de 2024.

O perfil da persoa titular dunha prestación de IMV en Galicia é o dunha muller (70,88 % do total) que forma parte dun fogar con menores.

CONCLUSIÓNS

Resulta moi complexo analizar e avaliar a pobreza, dada a disparidade de parámetros que se utilizan na súa medición: uns refírense a rendas e, por tanto, son medibles obxectivamente; outros recóllense mediante enquisas, polo que se trata de percepcións e opinións.

Mídase como se mida, os niveis de pobreza alcanzan cotas inadmisibles socialmente. Por iso desde CCOO coidamos imprescindible aproveitar as etapas de crecemento económico para desenvolver políticas que combatan a pobreza e a desigualdade.

Pero, alén dos indicadores, a realidade é que son moitas, demasiadas, as persoas que viven unha situación dramática. Segundo o indicador AROPE, **no ano 2023, un total de 687 000 persoas estaban en risco de pobreza ou exclusión social.**

E destas, 523 000, o 19,4 % da poboación, viven por baixo do limiar da pobreza (10 990 € anuais para unha persoa soa) e por iso están en risco de padecela. Dito

doutro xeito, 2 de cada 10 galegos e galegas son pobres. **En situación extrema atoparíanse as 220 000 persoas que viven en situación de pobreza extrema.**

Especialmente preocupante é a situación dos e das pensionistas galegas. A contía das súas pensións está na maior parte dos casos por baixo do limiar de pobreza (un 54,3 % das aboadas en 2023) e unha parte importante delas (o 18,8 %) teñen un importe inferior ao limiar de pobreza extrema. É dicir: **máis da metade das persoas pensionistas galegas son pobres e 2 de cada 10 están en situación extrema.**

Neste grave contexto, as redes de protección social deben desempeñar un papel determinante: o sistema público de pensións e de protección por desemprego e as rendas de inserción deberían cubrir as necesidades básicas das persoas, en especial das que se atopen en situación máis vulnerable. As dúas primeiras van ligadas en maior medida á vida laboral e, como xa vimos no informe, a situación de pobreza conflúe coa de baixa intensidade no traballo, por iso a prestación que debería darlles cobertura aos galegos e galegas en situación de necesidade é a RISGA, que ha modificarse para ser compatible co IMV e cubrir aquelas situacións onde este non chega.

O último informe sobre a aplicación e avaliación da Lei de inclusión social de Galicia é de 2023 e indícanos que en decembro dese ano o número de persoas perceptoras da RISGA era de 5508 e que o orzamento utilizado para aboar esas prestacións ascendía a case 34 millóns de euros, o que supoñía unha contía media de 506,79 euros de prestación.

Como xa sinalamos ao longo do informe, o número de titulares do IMV en setembro de 2024 era de 30 026 e a contía media por fogar de 471,57 euros; e que o número de persoas titulares e beneficiarias experimentara un notable incremento como consecuencia das medidas de flexibilización introducidas.

En resumo, en Galicia, unhas 35 000 persoas serían titulares dunha renda de **integración** e poderíamos estimar que se beneficiarían dela unhas 100 000 persoas; dito doutro xeito: **só 15 de cada 100 persoas en risco de pobreza en Galicia teñen unha prestación.**




O informe TERCEIRA OPINIÓN SOBRE O IMV, elaborado pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, conclúe que o IMV despregou só unha parte do seu potencial, pero ten percorrido para se converter nun instrumento máis potente na loita contra a pobreza. De feito, sinalan que en Galicia a taxa de persoas que non o solicitan (*non take-up*) se sitúa no 59 % e nun 6 % a porcentaxe de persoas que non o solicitan por cobrar a RISGA. Ademais, desde a súa entrada en vigor, o transvasamento de persoas beneficiarias da RISGA liberou o 10 % do gasto da Xunta nesta medida.

PROPOSTAS

Desde o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia consideramos fundamental pór en marcha accións concretas que sitúen as persoas no centro, que defendan os servizos públicos como principais ferramentas de reequilibrio das desigualdades sociais e territoriais. Para iso propoñemos:

- Realizar os cambios normativos necesarios para adaptar a RISGA á nova realidade e convivencia co IMV para que sexan complementarias e garantan uns ingresos dignos, polo menos, ao limiar de pobreza e teñan en conta a carestía da vida na comunidade. Os recursos liberados polo transvasamento ao IMV deberán reverter en políticas sociais destinadas á redución da pobreza.
- Desenvolver campañas de información tanto sobre a RISGA como sobre o IMV, que seguen sendo descoñecidas para boa parte da sociedade; flexibilización dos requisitos, redución da burocracia aproveitando a información que xa teñen as Administracións implicadas, así como medidas de acompañamento individualizadas para mellorar a inclusión das persoas beneficiarias.
- Que se aprobe unha lei que recolla axudas dirixidas á cobertura das necesidades vitais das persoas e familias con especiais dificultades. Esta norma debe incorporar as prestacións de carácter educativo, sanitario, de garantía de acceso e mantemento da vivenda, mobilidade e necesidades de acceso a subministracións básicas e esenciais, como a auga e a electricidade. Recuperar a tarxeta básica.
- Actuar sobre o desemprego de longa duración, mellorando o funcionamento do Servizo Público de Emprego de Galicia con máis medios humanos e económicos e potenciando a recualificación e inserción laboral do colectivo.
- Aproveitar o marco da nova lei de vivenda estatal para permitir que a normativa autonómica defina intervencións para reducir o elevado custo da vivenda (limitación aos pisos turísticos, conxelación de alugueiros, etc.).

Reformar o sistema de financiamento das entidades locais no relativo aos servizos sociais para que poidan contar con recursos humanos e económicos suficientes para que as persoas traballadoras teñan unhas condicións laborais dignas e poidan prestar uns servizos de calidade ás persoas usuarias superando o carácter asistencialista actual.



comisións obreiras